



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Intervención

Aprobación inicial da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2021

EDICTO

Aprobación inicial da modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2021

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 30 de setembro de 2021, aprobou inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2021, consistente no cambio de obxecto da actividade relativa á subvención recoñecida á entidade Club Praia de Pantín, que pasa de ser Proba Superliga Siroco a ser a Celebración da Junior Pro Ferrol como proba integrante da World Surf League.

Este acordo será obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ferrol (<https://www.ferrol.gal/sede>) durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas, de conformidade co establecido no artigo 169.1 do texto refundido aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do RDL 2/2004. No caso de presentarse reclamacións, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas

Ferrol, 1 de outubro de 2021.

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e EDUSI

María Teresa Deus Trasobares

2021/7149